Guía Docente de INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (CLARINETE)

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA INSTRUMENTO PRINCIPAL I-IV (CLARINETE)

ESPECIALIDADE	Interpretación						**ITINERARIO**	Produción e xestión
CARÁCTER	Obrigatoria						**TIPO DE CLASES**	Presencial
DEPARTAMENTO	Vento Madeira						**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	**Horas de clase semanais**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	6	6	6	6	6	6	Observacións	
DOCENTES	Libertad García Souto							

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)

DESCRITOR	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
TRANSVERSAIS	T1,T2, T3, T6, T13, T15, T17
XERAIS	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10

3. Obxectivos

	DESCRICIÓN	COMPETENCIAS
1.	Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar aspectos técnicos e expresivos relacionados coa calidade sonora, especialmente a afinación e as dinámicas en tódolos rexistros do instrumento incluíndo o sobreagudo e aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.	T1,T3,T6,T13,T15, X8,X24,EI4
2.	Participar nas diferentes agrupacións musicais como solista e/ou formando parte do conxunto interpretando obras de diferentes estilos e épocas, que permitan desenvolver os diferentes roles con autonomía conformando deste xeito un repertorio persoal.	T1,T13,T15,X1,X3, X11,X13,EI1,EI4
3.	Adquirir criterios estéticos e técnicos mediante a audición, a aplicación da análise no estudo e a crítica de obras musicais significativas das distintas épocas, escolas, aproximacións interpretativas e xéneros que permitan fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos favorecendo una maior comprensión do feito musical.	T1,T6,T13,T15, X1,X3,X11,X13, EI2,EI4,EI5,EI6
4.	Participar nas actividades musicais, concertos, audicións públicas e privadas e outras manifestacións artísticas posibles, destinadas a divulgar a experiencia musical e axudar, mediante elas, a súa comprensión e goce, afianzando o autocontrol, dominio da memoria e a capacidade comunicativa.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,EI2,EI4,EI 5,EI 6
5.	Interpretar as obras e/ou estudos dos séculos XVIII, XIX, XX e XXI de dificultade axeitada ao curso propostos polo profesor e/ou elixidos polos discentes seguindo a temporalización proposta neste programa docente.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,X21,EI1,EI2, EI4,EI5
6.	Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendibilidade do tempo empregado.	T1,T3,T6,T13,T15,X3, X8,X24,EI2,EI 6
7.	Conseguir una lectura á vista fluída que nos permita axilizar e rendibilizar o traballo noutras materias de conxunto nas que a práctica instrumental resulta imprescindible.	T1,T3,T13,T15,X3, X8,X 24,EI3,EI 10
8.	Coñecer os diferentes instrumentos da familia dos clarinete comezando polos clarinetes sopranos en Sib e La, e seguindo co clarinete baixo e o clarinete soprano en Mib.	T13,T15,X11,EI3, EI10

4. Contidos

	TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	1. A familia dos clarinetes	1.1. Repertorio principal, características e posibilidades sonoras de cada un dos instrumentos da familia en proporción directa ó seu uso máis habitual no ámbito profesional e laboral como solista con orquestra ou conxunto instrumental, dúos de cámara con piano ou a solo. 1.2. Posibilidades sonoras dos clarinetes máis habituais na plantillaorquestal: clarinete soprano en Sib, La e Mib e clarinete baixo en Sib.	2
II	2. Estudo da técnica: Escalas	2.1. Estudos de escalas en graos conxuntos, terceiras, con diferentes articulacións e diferentes modelos rítmico-melódicos, maiores e menores cos respectivos arpexos seguindo o modelo do Método de RudolfJettel 2ª parte. 2.2. A escala cromática ata o Do sobreagudo con diferentes articulacións e modelos rítmico- melódicos. 2.3. Desenvolvemento do control da pulsación, do uso das diversas articulacións, do estudo da velocidade.	2
III	3. Estudo da técnica:	3.1. Interrelación entre emisión, afinación e dinámicas	2

	Afinación, dinámicas, rexistros	3.2. Homoxeneidade tímbrica entre os rexistros	
IV	4. As técnicas contemporáneas	Iniciación ao estudo das técnicas contemporáneas: 4.1. Estudo e desenvolvemento da calidade do son, das diferentes articulación, e do mecanismo, especialmente no rexistro sobreagudo. 4.2. 4.2 Iniciación a aplicación práctica dos recursos sonoros de vangarda dos séculos XX e XXI esixidos no repertorio proposto durante o curso.	2
V	5. Análise	Análise do repertorio aplicada á interpretación: 5.1. Coñecemento das linguaxes e estruturas formais utilizadas nos estudos e obras propostos no programa docente, e a súa aplicación práctica ó servizo da interpretación.	2
VI	6. Lectura a vista	6.1. Práctica da lectura a vista a través do material didáctico específico e da interpretación de dúos co profesor/a.	1
VII	7. Audición pública	7.1. Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de intérprete como de ouvinte.	1
VIII	8. Interpretación do repertorio	8.1. Interpretacións públicas e privadas do repertorio proposto durante o curso, sexan concertos, audicións, así como nas actividades extraescolares, cursos, xornadas ou similares dende o Departamento que así o requiran e que teñan relación directa cos contidos da materia.	1
		Total de sesións por cuadrimestre	**13**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3º curso		OBSERVACIÓNS
		I	II	III	IV	V	VI	
Presenciais	Clases prácticas	13	13	13	13	13	13	
	Audicións	2	2	2	2	2	2	
	Titorías	1	1	1	1	1	1	
	Actividades complementarias	2	2	2	2	2	2	
	Actividades introdutorias	2	2	2	2	2	2	
	Actividades de consolidación	2	2	2	2	2	2	
Non presenciais	Traballo persoal	**158**	**158**	**158**	**158**	**158**	**158**	
Total de horas cuadrimestrais		**180**	**180**	**180**	**180**	**180**	**180**	

6. Avaliación

ORDINARIA

CONTINUA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Ficha de seguimento diario	- Valorarase o traballo semanal na aula a través do rexistro nunha ficha da rendibilidade no estudo do discente, a puntualidade, a asistencia, a actitude, as actividades complementarias, etc. - Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	40%	T1,T2,T3,T6,T13,T15, T17,X1,X3,X6,X8,X1, X13,X21,X24,EI1,EI2, EI4,EI5,EI6,EI10
Audición de aula	- Valoraranse as capacidades de contido relativo á técnica do instrumento (escalas e estudios) a través da realización dunha audición de aula, recollendo as impresións e incidencias nunha ficha de audición.	30%	T1,T3,T6,T13.
Audición pública	- Valoraranse as capacidades de contido relativo ao repertorio a solo ou con acompañamento de piano, a través da realización dunha audición pública recollendo as impresións e incidencias nunha ficha de audición.	30%	X1,X3,X11,X13,X21, X24,EI1,EI2,EI3,EI4,EI5 EI6,EI10

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

ALTERNATIVA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
	Ver avaliación extraordinaria		
	*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara/Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda ao dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesorado da disciplina actuará segundo o protocolo establecido. (Consultar avaliación alternativa co profesor/a da disciplina)		

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Audición de aula	- Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha audición de aula recollendo as impresións e incidencias nunha ficha de audición.	50%	T1,T3,T6,T13.
Audición pública	- Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha audición pública	50%	X1,X3,X11,X13,X2

	recollendo as impresións e incidencias nunha ficha de audición.		1, X24,EI1,EI2,EI3,EI 4,EI5 EI6,EI10

ERASMUS

Os alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

Estudos orientativos

- Bach-Delèclusse, U.: 15 estudos (Ed. Leduc) - Bach- Delècluse, U.: 6 Suites (Ed. Leduc) - Cavallini, E.: 30 Caprichos - D,Elia, A.: 12 Grandes Estudos - Jeanjean, P.: 18 Estudos de perfecionamento	- Jeanjean, P.: Vade-MecumduClarinettiste (Leduc) - Jettel, R.: Klarinetten-Schule (Vol. 2) - Kell, R.: StacattoSudies - Klosé, H.: Método completo de clarinete - Kovacs, B.: Homenaxes para clarinete solo	- Kroepsch, F.: 416 Estudos (Libro 1 e libro 2) - Menéndez, J.: Seis estudos de concertó - Paganini, N.: 14 Caprichos e Moto Perpetuo (ed. Ricordi) - Piazzolla, A: Tando-estudos - Romero, A.: Método completo de clarinete (4 vol.)	- Stark, R.: 24 Estudos Op.49 - Thurston, F.: PassagesStudiesBook 3 - Uhl, A.: 48 Estudos para Clarinete Libro I e II

Obras orientativas

	LISTADO 1		LISTADO 2 (clarinete só)	LISTADO 3 (concertos)
1º	Bernstein, L.: Sonata Biveinis, K.: Tres momentos musicales Collery, S. - Legende et Div. (C. Baixo) Durán, J.: Sonatina Françaix, J.: Tema e Variacións Guastavino, C.: Sonata	Lutoslawski, W.: Dance Preludes Müller / Rossini: Fantasia “una voce poco fa” Pereiro, P.: Catro pezas op. 184 Poulenc, F.: Sonata Rota, N.: Sonata Hindemith, P.: Sonata	Messiaen, O.: Abîme des oiseaux Penderecki, K.: Prelude Rota, N.: Lo Spiritismo nella vecchia casa Scelsi, G.: Ixor Scelsi, G.: Tre studi (I) (Requinto) Stravinsky, I.: Tres pezas para clarinete só	Crusell, H.: Concerto nº 2 op.5 Show, A.: Concerto Spohr,L.: Concerto nº4 Weber, C.M.: Concerto nº1 en f menor op.73
2º	Bal y Gay, J.: Sonata Busoni F.: Concer tino Carro, L.: Sonata Debussy, C.: Rapsodia Hindemith, P. - Sonata (C. Baixo) Horowitz J.: Sonatina	Reger, M.: Sonata en Lab M op. 49/1 Rossini, G.: Introducción, Tema e variacións Schumann, R.: Pezas fantásticas op. 73 Vila, E.: Sonata Yuste, M.: Sólo de concurso Lovreglio, D.: Fantasía sobre "La Traviata"	Betinelli, B.: Studio da concer to Car ter, E.: Gra Jettel, R.: 5 Grotesken für Soloklarinette Rozsa, M.: Sonata op. 41 Scelsi, G.: Tre studi (II) (Requinto) Smith, W. O.: Five pieces Tower, J.: Wings for solo clarinet Vajda, G.: Lightshadow-trembling	Finzi, G.: Concerto Mozar t, W.A.: Concerto Spohr, L.: Concer to nº 1 Weber, C.M.: Concerto nº 2 op.74
3º	Bax, A.: Sonata Berg, A.: 4 Pezasop. 5 Brahms, J.: Sonata op. 120 nº 2 Brotóns, S.: Sonata Cambeiro, C.: 4 dúos para clarinete e piano Castillo, M.: Orippo Eiras, J.: Metaplasmos Genzmer, H.: Sonata (C. Baixo) Grgin, A.: Concertino	Groba, R.: Reminiscencias Kalliwoda, H:Morceau de Salonop. 229 Koechlin, Ch.: 1ª Sonata op. 85 Reger, M.: Sonata nº 2 op. 49 Romero, A.: Fantasía "Lucrezia Borgia" Stanford, C.: Sonata Weber, C. M.: Gran Dúo Concertante op.48 Yuste, M.: Vibraciones del Alma	Delgado, A.: Langará Denisow, E.: Sonata Hakola, K.: Diamond Street Komives, J.: Flammes Laporte, A.: Reflections for clarinet Olah, T.: Sonata Sciarrino, S.: Let me die before I wake	Copland, A.: Concerto Groba, R.: Concerto Klásiko Hindemith, P.: Concerto Spohr, L.: Concerto nº 3 Tomasi, H.: Concerto

ANEXOS

ANEXO 1º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para cada cuadrimestre.	
I	Escalas de Do M e La m Dous estudos do seguinte listado: 15 Estudos de Bach-Deléclusse nº 3 e 4; 48 Estudos Libro I de A. Uhl: nº5 e 9 Un estudo de concerto a elixir: Homenaxe a Bartok ou Kodaly de Bela Kovacs Unha obra a elixir do Listado 1 de obras orientativas
II	Escalas de Sol M e Mi m Dous estudos restantes do listado (non elixidos no cuadrimestre anterior) Unha obra a elixir do Listado 2 de obras orientativas Unha obra a elixir do Listado 3 de obras orientativas
ANEXO 2º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para cada cuadrimestre.	
III	Escalas Fa M e Rem Dous estudos do seguinte listado: 48 Estudos Libro I de A. Uhl: nº 12 e 16; 24 Estudos Op.49 de R. Stark nº9 e 12 Un estudo de concerto a elixir: Homenaxe a Bach ou Katchaturiam de Bela Kovacs Unha obra a elixir do Listado 1 de obras orientativas
IV	Escalas de Re M e Si m Dous estudos restantes do listado (non elixidos no cuadrimestre anterior) Unha obra a elixir do Listado 2 de obras orientativas Unha obra a elixir do Listado 3 de obras orientativas
ANEXO 3º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para cada cuadrimestre	
V	Escalas de Sib M e Sol m Dous estudos do seguinte listado: Caprichos de N. Paganini nº 1, 2, 3, 5, 6 e 8; 18 Estudos de P. Jeanjean: nº 8 e 12 Un estudo de concerto a elexir: Homenaxe a Falla ou Debussy de Bela Kovacs Unha obra a elexir do Listado 1 de obras orientativas
VI	Escalas de La M., Si M e Fa# m Dous estudos restantes do listado (non elixidos no cuadrimestre anterior) Estudio de Concier to nº 2 "Impromptu" (con piano) de Julián Menéndez Unha obra a elexir do Listado 2 de obras orientativas Unha obra a elexir do Listado 3 de obras orientativas
REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS	

9. Observacións

Programación Docente de Clarinete-Pedagoxía e Didáctica instrumental

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Pedagoxía e Didáctica Instrumental

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	CLARINETE
CARÁCTER	OBRIGATORIA								**TIPO DE CLASES**	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE							3		**Observacións**	

DOCENTES	Libertad García Souto

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Bases psicolóxicas da educación musical. O desenvolvemento das capacidades musicais: sensibilización, percepción, memoria e pensamento musical. Principios fundamentais das distintas metodoloxías e correntes pedagóxicas en educación musical. Os/ as precursores/as. Métodos activos. Métodos instrumentais. Métodos creativos. Novas perspectivas e paradigmas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Estar matriculado no curso correspondente. Nivel de inglés B1 que permita a lectura e comprensión de textos referidos aos contidos impartidos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	ORGANOLOXÍA, HISTORIA DOS INSTRUMENTOS (CLARINETE).
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T8, T15
XERAIS	X5, X10, X19, X24, X25, X26
ESPECÍFICAS	EI6

3. Obxectivos

	DESCRICIÓN	**COMPETENCIAS RELACIONADAS**
1.	Seleccionar e elaborar materiais de ensino/aprendizaxe en función dos diferentes graos e ciclos e /ou idades das ensinanzas musicais regradas e non regradas.	T1,T2,T3,T15,X24,X25, X26
2.	Deseñar un proceso de avaliación sistemática das actividades utilizadas nas aulas que contemple aos discentes, docentes, programacións e institucións implicados no proceso de ensino/aprendizaxe.	T1,T2,T3,T15,X19,X24, X25, X26
3.	Dominar as diversas posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías na preparación e impartición dos contidos.	T1,T2,T3,T4,X5
4.	Argumentar e expresar verbalmente e por escrito os puntos de vista propios sobre as cuestións presentes nos principais textos de carácter pedagóxico referidos ao clarinete.	T1,T2,T3,T8,T15,X10, X19,EI6

4. Contidos

TEMAS	**DESCRITOR SUBTEMAS**	**SESIÓNS**
1. Selección e elaboración de materiais didácticos	1.1.- Revisión sistemática das principais coleccións de estudos e exercicios dos séculos XVIII, XIX e XX. 1.2.- Análise do contido dos principais textos teórico-pedagóxicos en lingua castelá referidos ao clarinete. 1.3.- Elaboración dun conxunto de recursos materiais axeitados para un curso ou ciclo do Grao Elemental ou Profesional de Música.	3
2. Deseño de unidades didácticas	2.1.- Elaboración dunha Unidade Didáctica destinada a un curso de Grao Elemental da especialidade. 2.2.- Elaboración dunha Unidade Didáctica destinada a un curso de Grao Profesional da especialidade. 2.3.- Elaboración dunha Unidade Didáctica destinada a un curso ou ciclo dunha Escola de Música	4
3. Recursos musicais na WEB	3.1.- Pescuda de material musical axeitado para o seu uso nas aulas nos foros especializados, WEBs de partituras gratuítas, YouTube, e recursos similares.	2
4. Desenvolvemento dunha clase práctica	4.1.- Aplicación dos contidos desenvolvidos ao longo do cuadrimestre nunha sesión práctica destinada a un discente da materia de "2º Instrumento" propia das especialidades de Composición/Musicoloxía (dependendo das posibilidades organizativas do Departamento).	2
5. Argumentación e defensa dos puntos de vista propios sobre cuestión pedagóxicas.	5.1.- Recensión sobre algún texto/artigo de carácter pedagóxico en língua inglesa/francesa/italiana.	4
Actividades de avaliación	6.1.- Entrega e exposición de traballos escritos, así como realización de probas escritas.	2

Total de sesións por cuadrimestre	17

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral: O discente explicará os conceptos fundamentais utilizando material audiovisual (de ser o caso) para a mellor comprensión dos contidos impartidos. Contémplanse como positivas e recomendables as intervencións e posibles debates que se poidan xerar durante as sesións por parte do alumnado.	**10**		**10**
Avaliación e revisión: Sesións adicadas á realización dos posibles exames e probas escritas, así como á súa posterior revisión comentada (segundo a lexislación vixente)	**2**		**2**
Exposición de traballos: O traballo escrito realizado no cuadrimestre deberá ser exposto na aula coa axuda de materiais audiovisuais (powerpoint, prezi, keynote, audicións, vídeos, etc.). Posteriormente será confrontado nun debate dentro entre o profesor, o propio discente, e o resto do alumnado.	**1**		**1**
Lectura guiada de fontes: Lecturas comentadas polo docente procedentes de diferentes fragmentos, ensaios e artigos vinculados aos contidos da materia.	**4**		**4**
Titorías: Se fora necesario orientarase individualmente ao alumno para a realización do seu traballo e resolveranse as súas dúbidas na hora semanal adicada a tal fin. As titorías deben concertarse cunha semana de antelación.	**2**		**2**
Actividades complementarias e masterclass: É recomendable a asistencia a todo tipo de actividades sobre a materia impartida: exposicións, museos, visitas a fábricas de instrumentos e similares. O profesor proporcionará as pautas para a pescuda de fontes, a recollida da información, o esquema das seccións obrigatorias do traballo escrito e o sistema de citas bibliográficas que se debe empregar. **A asistencia ás aulas (masterclass) do profesorado invitado polo programa ERASMUS+ ten carácter obrigatorio.**		**31**	**31**
Traballo persoal: Traballo desenvolvido polo alumnado de xeito autónomo (seguindo as pautas recibidas previamente nas aulas).		**40**	**40**
Total de horas por cuadrimestre			**90**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación contínua)			
Traballo escrito/exposición oral	Valoraranse as capacidades de claridade conceptual, síntese e desenvolvemento a través da presentación por escrito e posterior exposición pública dunha unidade didáctica para un curso de Grao Profesional, no que o discente debe presentar dun xeito orixinal, cun uso axeitado das fontes dispoñibles e evitando o plaxio en todo momento.	T1,T2,T3, T4,T8,T15, X5, ,X10,X19,EI6	30%
Exame escrito	Valoraranse as capacidades de síntese e de desenvolvemento sobre as cuestións plantexadas na proba escrita, que versará sobre os contidos tratados durante o cuadrimestre.	T1,T2,T3, T4,T8,T15,X5, X10,X19,X24,X 25,X26,EI6	40%
Ficha de seguimento	Ficha na que se recollerán as incidencias ocorridas durante a actividade ocorrida na aula (asistencia, participación activa, iniciativas persoais ...)	T3,T15,X10, X24, X25, X26,EI6	30%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada Decembro)			
Exame escrito	Valoraranse as capacidades de síntese e de desenvolvemento sobre as cuestións plantexadas na proba escrita, que versará sobre os contidos tratados durante o cuadrimestre.	T1,T2,T3, T4,T8,T15,X5,X10,X 19,X24,X25,X26,EI6	40%
Traballo escrito	Valoraranse as capacidades de claridade conceptual, síntese e desenvolvemento a través da presentación por escrito e posterior exposición pública dunha unidade didáctica para un curso de Grao Profesional, no que o discente debe presentar dun xeito orixinal, cun uso axeitado das fontes dispoñibles e evitando o plaxio en todo momento.	T1,T2,T3, T4,T8,T15, X5, X19	60%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación contínua)			
	Ver avaliación extraordinaria		
EXTRAORDINARIA			

Exame escrito	Valoraranse as capacidades de síntese e de desenvolvemento sobre as cuestións plantexadas na proba escrita, que versará sobre os contidos tratados durante o cuadrimestre.	T1,T2,T3, T4,T8,T15,X5,X10,X 19,X24,X25,X26,EI6	50%
Traballo escrito/exposición oral	Valoraranse as capacidades de claridade conceptual, síntese e desenvolvemento a través da presentación por escrito e posterior exposición pública dunha unidade didáctica para un curso de Grao Profesional, no que o discente debe presentar dun xeito orixinal, cun uso axeitado das fontes dispoñibles e evitando o plaxio en todo momento.	T1,T2,T3, T4,T8,T15, X5, X19	50%

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade eda súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

Brymer, Jack: TheClarinet (London: Kanh&Averill, 1990).

Chassain, L. (1999). Le Conservatoireet la notiond'écolefrançaise. En A. Bongrain& A. Poirier (Eds.), Le Conservatoire de Paris, 1795-1995; DeuxCentsAns de Pédagogie (pp. 15-27). Paris: Buchet/Chastel.

Crocq, J.-N. (1999). La tradition de l'écolefrançaise de clarinette. En A. Bongrain& A. Poirier (Eds.), Le Conservatoire de Paris, 1795-1995; 200 Ans de Pédagogie (pp. 153-164). Paris: Buchet/Chastel.

Fernández Cobo, C. J. (2010, junio 18). La metodología europea para clarinete anterior al Método Completo para Clarinete de Antonio Romero: influencias y aportaciones del autor a la misma. Universidad Autónoma de Madrid, Madrid.

Fernández Vicedo, F. J. (2010, diciembre 17). El clarinete en España: historia y repertorio hasta el siglo XX. Universidad de Granada. Departamento de Historia del Arte y Música, Granada.

Fessard, J.-M. (2006). L'évolution de la Clarinette. Sampzon: Delatour.

Garcés, A. (1991). Primer libro del clarinetista. técnica, práctica y estética. Madrid: Mundimúsica.

Gil Valencia, F. J. (1991). El clarinete: técnica e interpretación. Granada: Anel.

Guy, L. (2005). The Daniel Bonade Workbook: Bonade's fundamental playing concepts, with illustrations, exercises, and an introduction to the orchestral repertoire. Stony Point, NY: Rivernote Press.

Hoeprich, E. (2008). The Clarinet. New Haven: Yale University Press.

Lawson, C. (Ed.). (1995). The Cambridge Companion to the Clarinet. Cambridge [New York]: Cambridge University Press.

Lehmann, A. (2007). Psychology for Musicians Understanding and Acquiring the Skills. Oxford - New York: Oxford University Press.

Lescat, P., & Saint-Arroman, J. (2000). Clarinette: Méthodes et Traités, Dictionnaires. Courlay, France: Fuzeau.

Lozano Rodríguez, J. (2007, marzo 21). Bases psicológicas y diseño curricular para el grado elemental de música. Universitat de València, Valencia.

McGill, D. (2007). Sound in Motion: a Performer's Guide to Greater Musical Expression. Bloomington: Indiana University Press.

Meloni, F. (2000). Il clarinetto. [Varese]: Zecchini.

Pastor García, V. (2010). Clarinete: acústica, historia y práctica. Valencia: Rivera Editores.

Pino, D. (1998). The Clarinet and Clarinet Playing. Mineola N.Y.: Dover Publications.

Stein, K. (1999). El arte de tocar el clarinete. [S.l.]; Van Nuys, CA: Summy-Birchard Music ; Alfred Pub.

Vercher, J. (1983). El clarinete. Valencia: Gráficas Hnos. Aparisi.

Weston, P. (1971). Clarinet Virtuosi of the Past. Corby Northants: Fentone Music Ltd.

Weston, P. (1989). Clarinet Virtuosi of Today. Baldock: Egon.

Weston, P. (2002a). More Clarinet Virtuosi of the Past. [York England]: Emerson Edition Ltd.

Weston, P. (2002b). Yesterday's Clarinettists: a Sequel. York Eng.: Emerson Edition Ltd.

Programación Docente do Traballo Fin de Estudos (Clarinete)

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA TFE Clarinete

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	CLARINETE
CARÁCTER	TFE								**TIPO DE CLASES**	Individual
DEPARTAMENTO	Vento-madeira								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	
ETCS/ CUADRIMESTRE	-	-	-	-	-	-	5	5	**Observacións**	
DOCENTES	Consultar táboa anexa									

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os adquiridos nas materias cursadas con anterioridade
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
XERAIS	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretación dun recital público de entre 45 e 70 minutos cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.	TODAS as do Apartado 2
Defensa dun traballo académico (TA) que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.	TODAS as do apartado 2

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Preparación do programa de concerto	A aprobación do programa de concerto seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, así como tamén o recollido no *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico actual.	
	O programa de concerto deberá estar integrado por pezas de diferentes estilos.	
	O alumno ou alumna poderá incluír no seu programa de concerto pezas de música de cámara. Para a interpretación destas obras o alumno presentará os seus propios instrumentistas acompañantes.	
	O programa de concerto poderá ser interpretado parcial ou completamente de memoria.	
	Segundo o ORDE do 21 de novembro de 2016 Artigo 37, **previamente o/a titor/a do alumnado, deberá achegar informe individualizado ao Tribunal do TFE** en relación ao desenvolvemento do proxecto e cantas outras circunstancias considere signicativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.	
2. Recital público	O programa de concerto terá carácter público e será dunha duración de entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.	
	A realización do programa de man correrá a cargo do/a alumno/a. Convén que conteña portada (indicando o nome do alumno, dos colaboradores e do titor/a), currículo do alumno e colaboradores, repertorio, e notas ao programa.	
	Respecto das copias a entregar das partituras do programa de concerto, seguirase o recollido no *Protocolo do TFE* vixente no curso académico.	

3. Elaboración do traballo académico (TA)	A aprobación do proposta do Traballo académico (**TA**) seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, así como tamén o recollido no *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico actual.	
	O **TA** deberá ter una extensión mínima de vinte páxinas e deberá conter un resumo nun idioma extranxeiro e deberá desenvolver cando menos as seguintes seccións: • **Portada** (debe conter todos os datos identificativos: Título, Autor, Titor/a, Curso académico, Especialidade-Itinerario, Logo oficial do Conservatorio) • **Resumo**/**Abstract** (dous idiomas, un deles extranxeiro) • **Índice** • **Introdución** (xustificación do tema, estado da cuestión, obxectivos, hipótese (de ser o caso) e metodoloxía) • **Corpo do traballo** (organizado en capítulos, se é o caso) • **Conclusións / Resultados** • **Bibliografía** • **Anexos documentais** (opcional)	
	Respecto das características e número de exemplares a entregar do **TA**, seguirase o recollido no *Protocolo do TFE* vixente no curso académico.	
4. Exposición e defensa do TA	A exposición e defensa pública do **TA** non excederá no seu conxunto os 30 minutos de duración.	
	Ao remate da exposición (que non excederá os 20 minutos) o Tribunal poderá manter un debate co/a alumno/a sobre aquelas cuestións referidas ao contido do **TA** que os seus membros consideren oportunas. O debate non excederá os 10 minutos.	
	Poderase facer uso de software para apoiar a presentación, no que se pode incluír audio e vídeo se é necesario. Do mesmo xeito, tamén se pode apoiar a presentación coa interpretacións de exemplos ou pasaxes co instrumento.	

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Titorías individuais: orientación e seguimento da preparación do recital e da elaboración do TA. (Teranse en conta as sesións adicadas aos ensaios co/a pianista acompañante, de ser o o caso).	Variable, dependendo do número de sesións de titorías realizadas		6 - 20
Recital: interpretación pública ante tribunal do programa de concerto presentado .	2		
Exposición e defensa do TA: presentación e defensa da memoria do traballo académico elaborado.	1		
Traballo persoal: comprenderá • o estudo do programa de concerto presentado • a pescuda e a análise crítica das fontes de información para o desenvolvemento da temática do **TA**, a redacción da memoria e a preparación da exposición, empregando as ferramentas de software de edición e presentación axeitadas.		277 - 291	277 - 291
		Total de horas	**300**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Na sesión de cualificación posterior á interpretación do programa de concerto e á defensa do **TA**, seguiranse os criterios expostos no artigo 37.5 e 37.6 da ORDE do 21 de novembro de 2016. A acta final incluirá un informe do Tribunal. Para tal efecto, seguirase o modelo de rúbrica aprobado na CCP no curso académico vixente.			
Elaboración, exposición e defensa da memoria do TFE (Traballo Académico)	1. Rigor na aproximación ao obxecto de estudo desde unha perspectiva científica, performativa, histórica ou pedagóxica. 2. Claridade na redacción do texto, rigor no manexo e uso das fontes bibliográficas e no sistema de citas empregado. 3. Orixinalidade do obxecto de estudo, coherencia na estruturación do texto e na metodoloxía empregada 4. Interese dos resultados e/ou conclusións achegadas 5. Claridade e orixinalidade na exposición pública: estruturación axeitada, coherencia entre o contido da exposición e o corpo do TA, uso de ferramentas de apoio e/ou interpretación propia de exemplos musicais	TODAS	20%

Recital	**1. Interpretación pública do programa de concerto amosando o necesario control técnico do instrumento. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas no concerto. Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro:** 1.1. Dificultade do repertorio presentado. 1.2. Fidelidade ao texto: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e planos sonoros. 1.3. Dominio instrumental: control postural, limpeza e claridade do son, proxección do son, control do timbre, control da respiración e da emisión, e domínio das técnicas propias da música de vanguarda (de ser o caso). 2. **Interpretación pública do do programa de concerto amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas no concerto.** Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro: 2.1. Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa: control da ornamentación, do rubato, das agóxicas e dinámicas, do fraseo e a articulación. 2.2. Fidelidade áos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical. 2.3. De ser o caso, no repertorio de cámara ou con orquestra: unificación de criterios musicais e artísticos entre os membros da agrupación. 3. **Amosar as capacidades necesarias para a interpretación en público. Aplicarase dun modo xeral para todo o recital.** Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro: 3.1. Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións do recital público. 3.2. Concentración ao longo do recital, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). 3.3. Achega persoal ao enriquecemento da interpretación.	TODAS	80%

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Consultar o *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico.
- ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía na Comunidade Autónoma de Galicia (dog do 1 de decembro de 2016).

Guía Docente de Técnicas de Control Emocional e Corporal de Clarinete

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 deoutubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA TCECORP Clarinete

ESPECIALIDADE	Interpretación								**ITINERARIO**	Clarinete
CARÁCTER	Obrigatoria								**TIPO DE CLASES**	Colectiva
DEPARTAMENTO	Vento-Madeira								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	2
ETCS/ CUADRIMESTRE				2					**Observacións**	

DOCENTES	**NOME E APELIDOS**	**MAIL/TEL/WEB**	**TITORÍA**
3. Adquirir criterios estéticos e técnicos mediante a audición, a aplicación da análise no estudo e a crítica de obras musicais significativas das distintas épocas, escolas, aproximacións interpretativas e xéneros que permitan fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos favorecendo unha maior comprensión do feito musical.	T1,T6,T13,T15,X1, X3,X11,X13,EI1, EI2,EI4, EI5, EI6
4. Participar nas actividades musicais, concertos, audicións públicas e privadas e outras manifestacións artísticas posibles, destinadas a divulgar a experiencia musical e axudar, mediante elas, á súa comprensión e goce, afianzando o autocontrol, dominio da memoria e a capacidade comunicativa.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,EI2,EI4,EI5,EI6
5. Interpretar as obras e/ou os estudos dos séculos XVIII, XIX, XX e XXI de dificultade axeitada ao curso propostos polo profesor e/ou elixidos polos discentes seguindo a temporalización proposta neste programa docente.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,X21,EI1,EI2,EI4,EI5
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	T1,T3,T6,T13,T15,X 3,X8,X24, EI2,EI6
7. Conseguir unha lectura á vista fluída que nos permita axilizar e rendabilizar o traballo noutras materias de conxunto nas que a práctica instrumental resulta imprescindible.	T1,T3,T13,T5,X3,X8, X24,EI3,EI10
8. Utilizar a improvisación a solo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, da memoria auditiva, da memoria motriz e da conciencia da estructura harmónica e formal.	T3,T13,T15,X8,X24, EI3
9 Coñecer os diferentes instrumentos da familia dos clarinetes comezando polos clarinetes sopranos en Sib e La, e seguindo co clarinete baixo e o clarinete soprano en Mib.	T13,T15,X11,EI3,EI10

4. Contidos

TEMAS		DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	1. A familia dos clarinetes	1.1. Repertorio principal, características e posibilidades sonoras de cada un dos instrumentos da familia en proporción directa ó seu uso máis habitual no ámbito profesional e laboral como solista con orquestra ou conxunto instrumental, dúos de cámara con piano ou a solo. 1.2. Posibilidades sonoras dos clarinetes máis habituais na planilla orquestral: clarinete soprano en Sib, La e Mib e clarinete baixo en Sib.	2
II	2. Estudo da técnica: Escalas	2.1. Estudos de escalas en graos conxuntos, terceiras, con diferentes articulacións e diferentes modelos rítmico-melódicos, maiores e menores cos respectivos arpexios seguindo o modelo do Método de Rudof Jettel 2ª par te. 2.2 A escala cromática ata o Do sobreagudo con diferentes articulacións e modelos rítmico-melódicos. 2.3 Desenvolvemento do control da pulsación, do uso das diversas articulacións, do estudo da velocidade.	2
III	3. Estudo da técnica: Afinación, dinámicas, rexistros	3.1 Interrelación entre emisión, afinación e dinámicas. 3.2 Homoxeneidade tímbrica entre os rexistros.	2

IV	4. As técnicas contemporáneas	Iniciación ao estudo das técnicas contemporáneas: 4.1 Estudo e desenvolvemento da calidade do son, das diferentes articulacións, e do mecanismo, especialmente no rexistro sobreagudo. 4.2 Iniciación á aplicación práctica dos recursos sonoros de vangarda máis habituais (multifónicos, armónicos, glissandi, voz e son simultáneos, slap, frullato) propios da música dos séculos XX e XXI esixidos no repertorio proposto durante o curso. 4.3 Iniciación á interpretación con equipo electrónico.	2
V	5. Análise	Análise do repertorio aplicada á interpretación: 5.1 Coñecemento das linguaxes e estructuras formais utilizadas nos estudos e obras propostos no programa docente, e a súa aplicación práctica ó servizo da interpretación.	2
VI	6. Lectura a vista	6.1 Práctica da lectura á vista a través do material didáctico específico e da interpretación de dúos co profesor.	2
VII	7. A memoria musical	7.1 Análise de elementos formais, rítmicos, melódicos, texturais, ect. ó servizo dunha memorización global e non lineal do texto musical. 7.2 Adestramento progresivo da memoria a través do repertorio principal do instrumento.	2
VIII	8. Audición pública	8.1 Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de intérprete como de ouvinte.	1
IX	9. Interpretación do repertorio	9.1 Interpretacións públicas e privadas do repertorio proposto durante o curso, sexan concertos, audicións, así como nas actividades extraescolares, cursos, xornadas ou similares organizadas dende o Departamento que así o requiran e que teñan relación directa cos contidos da materia.	2
		Total de sesións por cuadrimestre	**17**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		**3.º curso**		**4.º curso**	**OBSERVACIÓNS**
		V	VI	VII	
Presenciais	Clases prácticas	12	12	12	
	Audicións	3	3	3	
	Titorías	1	1	1	
	Actividades complementarias	3	3	3	
	Actividades introductorias	3	3	3	
	Actividades de consolidación	3	3	3	
Non presenciais	Traballo persoal	275	275	275	
Total de horas cuadrimestrais		300	300	300	

6. Avaliación

ORDINARIA

CONTINUA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Ficha de seguimento diario	Valorarase o traballo semanal na aula a través do rexistro nunha ficha da rendabiblidade no estudo do discente, a puntualidade, a asistencia, a actitude, as actividades complementarias, etc. Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	20%	T1,T2,T3,T6,T13,T15, T17,X1,X3,X6,X8,X1, X13,X21,X24,EI1,EI2, EI4,EI5,EI6,EI10
Audición de Aula	Valoraranse as capacidades de contido relativo á técnica do instrumento (escalas e estudios) a través da realización dunha Audición de Aula recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	30%	T1,T3,T6,T13
Audición pública	Valoraranse as capacidades de contido relativo ao repertorio a solo ou con acompañamento de piano, a través da realización dunha Audición Pública recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	50%	X1,X3,X11,X13,X21, X24,EI1,EI2,EI3,EI4,EI5 EI6,EI10

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocurra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

ALTERNATIVA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
	Ver avaliación extraordinaria		
	* As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda ao dereito á avaliación continua. Cando iso ocurra, o profesorado da disciplina actuará segundo o protocolo establecido. (CONSULTAR AVALIACIÓN ALTERNATIVA CÓ PROFESOR/A DA DISCIPLINA)		

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Audición de aula	Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha Audición de Aula recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	40%	T1,T3,T6,T13,T15
Audición pública	Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha Audición Pública recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	60%	X1,X3,X11,X13,X21,X24 EI1,EI2,EI3,EI4,EI5,EI6,EI10

ERASMUS

Os alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

Estudos orientativos

Bach-Delèclusse, U.: 15 Estudos (Ed. Leduc) Bach-Delèclusse, U.: 6 Suites (Ed. Leduc) Cavallini, E. - 30 Caprichos D'Élia, A.: 12 Grandes Estudios Jeanjean, P.: 18 Estudos de Perfeccionamento Bach-Studien für Flöte solo Heft I-II	Jeanjean, P.: Vade-Mecum du Clarinettiste(Leduc) Jettel, R.: "Klarinetten-Schule"(Vol. 2) Kell, R.: Stacatto Studies Klosé, H.: Método completo de clarinete Kovacs, B.: Homenaxes para clarinete solo	Kroepsch, F.: 416 Estudos (Libro 1 e Libro 2) Menéndez, J.: Seis Estudos de concer to Paganini, N.: 14 Caprichos e Moto Perpetuo (ed. Ricordi) Piazzolla, A.: Tango-estudos Romero, A,: Método completo de clarinete (4 vol.)	Stark, R. 24 Estudos Op. 49 Thurston, F.: Passages Studies Book 3 Uhl, A.: 48 Estudos para Clarinete Libro I y II

Obras orientativas

	LISTADO 1		LISTADO 2 (Clarinete só)	LISTADO 3 (concertos)
3º	Bax, A.: Sonata Berg, A.: 4 Pezas op. 5 Brahms, J.: Sonata op. 120 nº 2 Brotóns, S.: Sonata Cambeiro, C.: 4 dúos para clarinete e piano Castillo, M.: Orippo Eiras, J.: Metaplasmos Genzmer, H.: Sonata (C. Baixo) Grgin, A.: Concertino	Groba, R.: Reminiscencias Kalliwoda, H: Morceau de Salon op. 229 Koechlin, Ch.: 1ª Sonata op. 85 Reger, M.: Sonata nº 2 op. 49 Romero, A.: Fantasía "Lucrezia Borgia" Stanford, C.: Sonata Weber, C. M.: Gran Dúo Concertante op.48 Yuste, M.: Vibraciones del Alma	Carter, E.: Gra Delgado, A.: Langará Hakola, K.: Diamond Street Guinjoan, J.: Tres piezas para clarinete solo Eötvös, P.: Joyce Komives, J.: Flammes Laporte, A.: Reflections for clarinet Olah, T.: Sonata Tomasi, H.: Sonatine Attique Tower, J.: Wings for solo clarinet	Copland, A.: Concerto Groba, R.: Concerto Klásiko Hindemith, P.: Concerto Spohr, L.: Concerto nº 3 Tomasi, H.: Concerto
4º	Adams, J.: Concerto Bassi, L.: Fantasía de concerto "Rigoletto" Bizet-Baldeyrou: Carmen Fantasy Bozza, E.: Concerto Brahms, J.: Sonata nº 1 op. 120 Castelnuovo-Tedesco, M.: Sonata op. 128 Carnicer, R.: Fantasía en Mib M	Cano, C.: Vigilias Cavallini, E.: Fiori Rossiniani López García-Picos, C.: Motivaciones-2 Menéndez, J.: Introducción, Andante e Danza Muczynski, R.: Time Pieces Reger, M.: Sonata nº 3 op. 107 Vázquez, O.: Sonata		

ANEXOS

ANEXO 3º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para cada cuadrimestre

V	Escalas de La M, Fa# m e Mi M Catro estudos do seguinte listado: Caprichos de N. Paganini nº 1, 2, 3, 5, 6 e 8; 18 Estudos de P. Jeanjean: nº 8 e 12 Un estudo de concerto a elexir: Homenaxe a Falla ou Debussy de Bela Kovacs Unha obra a elexir do Listado 1 de obras orientativas
VI	Escalas de Do# m, Si M e Sol# m Catro estudos restantes do listado (non elixidos no cuadrimestre anterior) Estudio de Concier to nº 2 "Impromptu" (con piano) de Julián Menéndez Unha obra a elexir do Listado 2 de obras orientativas Unha obra a elexir do Listado 3 de obras orientativas

ANEXO 4º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para o cuadrimestre	
VII	Escalas de Lab M, Fa m e Reb M Catro estudos do seguinte listado: Caprichos de N. Paganini nº 9, 10, 11, 12, 14 e Moto Perpetuo; 18 Estudos de P. Jeanjean: nº 14 e 17 Un estudo de concerto a elexir: Homenaxe a Strauss ou Weber de Bela Kovacs Unha obra a elexir do Listado 1 de obras orientativas
REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS	

9. Observacións

Programación Docente de Repertorio Orquestral de CLARINETE I-IV

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Repertorio Orquestral de CLARINETE I-IV

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	CLARINETE
CARÁCTER	B) Obrigatoria								**TIPO DE CLASES**	Individual
DEPARTAMENTO	Vento-Madeira								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	3	3					**Observacións**	
DOCENTES	Consultar táboa anexa									

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento, de ser o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento, de ser o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns, de ser o caso, no repertorio orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Clarinete sendo inherente á súa esencia e existencia.
TRANSVERSAIS	T1,T3,T6,T13
XERAIS	X3,X6,X8,X11,X15
ESPECÍFICAS	EI3,EI4,EI5,EI8,EI9,EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar pasaxes orquestrais de clarinete (e instrumentos afíns) relativas ás obras máis representativas do repertorio sinfónico, instrumental e operístico, dunha dificultade acorde a cada un dos cuadrimestres.	T13,X3,X6,X11,X15,EI3,EI4,EI5,EI8,EI9,EI10
2. Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar aspectos técnicos e expresivos relacionados coa calidade sonora especialmente a afinación e as dinámicas en tódolos rexistros do instrumento incluído o sobreagudo e aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.	T6,T13,X6,EI3,EI4,EI5,EI9
3. Utilizar a improvisación a solo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, memoria auditiva, motriz e formal.	T13,X6,EI4,EI5,EI9
4. Acadar unha lectura a vista fluída que nos permita axilizar e rentabilizar o traballo en outras materias como orquestra, música de cámara.	T13,X3,X6,EI3,EI4,EI5,EI8,EI9
5. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rendibilidade e actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.	T1,T3,T6,X8

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introdución	1.1. Introdución histórica, estética, formal e interpretativa dos extractos orquestrais: 1.1.1. Contextualización histórica e estética. 1.1.2. Introdución analítica aos elementos formais, rítmicos, melódicos e texturais dos extractos propostos.	3
2.Estudo da técnica: afinación, dinámicas, rexistros	2.1. Interrelación entre afinación e dinámicas. 2.2. Homoxeneidade entre os rexistros sonoros. 2.3 Pulsación, articulación, velocidade… 2.4 Estudo dos instrumentos afíns (requinto e clarinete baixo).	9
3. Práctica da lectura á vista	3.1. Lectura á vista: recursos. 3.2. Exercicios prácticos.	1
4. Memoria musical	4.1. Adestramento progresivo e permanente da memoria.	1
5. Audición pública	5.1. Normas de comportamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de intérprete como de ouvinte.	1
6. Interpretación en público	6.1. Desenvolvemento das audicións correspondentes a cada cuadrimestre.	2
	Total de sesións por cuadrimestre	**17**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases Prácticas	**17**		**17**

Audicións	**2**		**2**
Actividades Complementarias		**5**	**5**
Traballo Persoal		**66**	**66**
		Total de horas por cuadrimestre	**90**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Busca, información e contextualización dos solos a traballar no curso académico.	T1,T3,T6,T13	10%
	Perfeccionamento progresivo da lectura á vista na execución dos extractos propostos polo docente.	T1, T3,T6,T13,X3,X6, X8,EI4,EI5,EI9	10%
	Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autónoma na superación das distintas fases de aprendizaxe.	T1,T3,T6,X8	30%
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación.	T13,X3,X6,X11,X15,EI3,EI4,EI5,EI8,EI9,EI10	50%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
	Ver avaliación Ordinaria		
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
	Ver avaliación extraordinaria		
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
EXTRAORDINARIA			
Audición	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación.	T13,X3,X6,X11,X15,EI3,EI4,EI5,EI8,EI9,EI10	70%
Traballo persoal	Redacción dun traballo no que se valorará a orixinalidade, o tratamento científico e investigador acerca das obras e extractos orquestrais propostos.	T1,T3,T6,T13, X8	30%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes. En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.			

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS		
I	▪ Beethoven: Sinfonía nº 4 ▪ Schubert: Sinfonía nº 8 ("Incompleta") ▪ Weber: O cazador furtivo ▪ Puccini: Tosca ▪ Prokófiev: Pedro e o lobo	REQUINTO. Un extracto a elixir de entre os seguintes: Ravel - Bolero e Shostakóvich - Sinfonía nº 5. CLARINETE BAIXO. Un extracto a elixir de entre os seguintes: Wagner - Walkyria Acto 2 Escena II e Mahler - Sinfonía nº 1.
II	▪ Brahms: Sinfonía nº 1 ▪ Rossini: Semíramis ▪ Stravinski: Petrushka ▪ Mendelssohn: Sinfonía nº 3 ▪ Verdi: La Forza del destino	
III	▪ Prokófiev: Sinfonía clásica ▪ Schubert: Sinfonía nº 9 ("A grande") ▪ Rimsky-Kórsakov - Capricho Español ▪ Mahler: Sinfonía nº 1 ▪ Mendelssohn: Ein Sommernachtstraum	REQUINTO. Un extracto a elixir de entre os seguintes: Strauss - Till Eulenspiegels, Shostakóvich - Sinfonía nº 6 e Mahler - Sinfonía nº 1. CLARINETE BAIXO. Un extracto a elixir de entre os seguintes: Strauss - Don Quixote e Gershwin - Rhapsody in Blue.
IV	▪ Kodály: Tänze aus Galanta ▪ Ravel: Rapsodia Española ▪ Chaikovski: Sinfonía nº 5 ▪ Rimsky-Kórsakov: Scheherazade ▪ Debussy: Prélude à l'après-midi d'un faune	

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Drapkin, M.: Symphonic Repertoire for Bass Clarinet (vol. 1, 2, e 3); Drucker, S.: Orchestral excerpts vol. 1 a 8; Hadcock, P.: Orchestral studies for the Eb Clarinet // The Working Clarinetist. Bonade, D.: Daniel Bonade Workbook; Varios: The Orchestral Musician's CD-ROM Library (1 a 12); Varios: Hepp / Rohde - Orchester Probespiel.

Guía Docente de CLARINETE VIII

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA CLARINETE VIII

ESPECIALIDADE	Interpretación	**ITINERARIO**	Clarinete
CARÁCTER	Obrigatoria	**TIPO DE CLASES**	Presencial
DEPARTAMENTO	Vento Madeira	**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**4.º curso**	**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	VIII	**Horas de clase semanais**	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRE	12	Observacións	
DOCENTES	Consultar táboa anexa		

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)

DESCRITOR	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
XERAIS	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS
1. Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar aspectos técnicos e expresivos relacionados coa calidade sonora especialmente a afinación e as dinámicas en tódolos rexistros do instrumento incluído o sobreagudo e aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical.	T1,T3,T6,T13,T15, X8,X24,EI4
2. Participar nas diferentes agrupacións musicais como solista e/ou formando par te do conxunto interpretando obras de diferentes estilos e épocas, que permitan desenvolver os diferentes roles con autonomía conformando deste xeito un repertorio persoal.	T1,T13,T15,X1,X3, X11,X13,EI1,EI4
3. Adquirir criterios estéticos e técnicos mediante a audición, a aplicación da análise no estudo e a crítica de obras musicais significativas das distintas épocas, escolas, aproximacións interpretativas e xéneros que permitan fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos favorecendo unha maior comprensión do feito musical.	T1,T6,T13,T15,X1, X3,X11,X13,EI1, EI2,EI4, EI5, EI6
4. Participar nas actividades musicais, concer tos, audicións públicas e privadas e outras manifestacións artísticas posibles, destinadas a divulgar a experiencia musical e axudar, mediante elas, á súa comprensión e goce, afianzando o autocontrol, dominio da memoria e a capacidade comunicativa.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,EI2,EI4,EI5,E I6
5. Interpretar as obras e/ou os estudos dos séculos XVIII, XIX, XX e XXI de dificultade axeitada ao curso propostos polo profesor e/ou elixidos polos discentes seguindo a temporalización proposta neste programa docente.	T6,T13,T15,X1,X3, X11,X13,X21,EI1,EI2, EI4,EI5
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	T1,T3,T6,T13,T15,X 3,X8,X24, EI2,EI6
7. Conseguir unha lectura á vista fluída que nos permita axilizar e rendabilizar o traballo noutras materias de conxunto nas que a práctica instrumental resulta imprescindible.	T1,T3,T13,T5,X3,X8, X24,EI3,EI10
8. Utilizar a improvisación a solo e con outros instrumentos para o desenvolvemento do oído interior, da concentración, da memoria auditiva, da memoria motriz e da conciencia da estructura harmónica e formal.	T3,T13,T15,X8,X24, EI3
9 Coñecer os diferentes instrumentos da familia dos clarinetes comezando polos clarinetes sopranos en Sib e La, e seguindo co clarinete baixo e o clarinete soprano en Mib.	T13,T15,X11,EI3,EI10

4. Contidos

TEMAS		DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	1. A familia dos clarinetes	1.1. Repertorio principal, características e posibilidades sonoras de cada un dos instrumentos da familia en proporción directa ó seu uso máis habitual no ámbito profesional e laboral como solista con orquestra ou conxunto instrumental, dúos de cámara con piano ou a solo. 1.2. Posibilidades sonoras dos clarinetes máis habituais na planilla orquestral: clarinete soprano en Sib, La e Mib e clarinete baixo en Sib.	2
II	2. Estudo da técnica: Escalas	2.1. Estudos de escalas en graos conxuntos, terceiras, con diferentes articulacións e diferentes modelos rítmico-melódicos, maiores e menores cos respectivos arpexios seguindo o modelo do Método de Rudof Jettel 2ª par te. 2.2 A escala cromática ata o Do sobreagudo con diferentes ar ticulacións e modelos rítmico-melódicos. 2.3 Desenvolvemento do control da pulsación, do uso das diversas ar ticulacións, do estudo da velocidade.	2
III	3. Estudo da técnica:	3.1 Interrelación entre emisión, afinación e dinámicas.	2

	Afinación, dinámicas, rexistros	3.2 Homoxeneidade tímbrica entre os rexistros.	
IV	4. As técnicas contemporáneas	Iniciación ao estudo das técnicas contemporáneas: 4.1 Estudo e desenvolvemento da calidade do son, das diferentes articulacións, e do mecanismo, especialmente no rexistro sobreagudo. 4.2 Iniciación á aplicación práctica dos recursos sonoros de vangarda máis habituais (multifónicos, armónicos, glissandi, voz e son simultáneos, slap, frullato) propios da música dos séculos XX e XXI esixidos no repertorio proposto durante o curso. 4.3 Iniciación á interpretación con equipo electrónico.	2
V	5. Análise	Análise do repertorio aplicada á interpretación: 5.1 Coñecemento das linguaxes e estructuras formais utilizadas nos estudos e obras propostos no programa docente, e a súa aplicación práctica ó servizo da interpretación.	2
VI	6. Lectura a vista	6.1 Práctica da lectura á vista a través do material didáctico específico e da interpretación de dúos co profesor.	2
VII	7. A memoria musical	7.1 Análise de elementos formais, rítmicos, melódicos, texturais, ect. ó servizo dunha memorización global e non lineal do texto musical. 7.2 Adestramento progresivo da memoria a través do repertorio principal do instrumento.	2
VIII	8. Audición pública	8.1 Normas de compor tamento a seguir nas audicións e concertos tanto en calidade de intérprete como de ouvinte.	1
IX	9. Interpretación do repertorio	9.1 Interpretacións públicas e privadas do repertorio proposto durante o curso, sexan concertos, audicións, así como nas actividades extraescolares, cursos, xornadas ou similares organizadas dende o Departamento que así o requiran e que teñan relación directa cos contidos da materia.	2
		Total de sesións por cuadrimestre	**17**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		**4.º curso**	**OBSERVACIÓNS**
		VIII	
Presenciais	Clases prácticas	12	
	Audicións	3	
	Titorías	1	
	Actividades complementarias	3	
	Actividades introductorias	3	
	Actividades de consolidación	3	
Non presenciais	Traballo persoal	335	
Total de horas cuadrimestrais		360	

6. Avaliación

ORDINARIA

CONTINUA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Ficha de seguimento diario	Valorarase o traballo semanal na aula a través do rexistro nunha ficha da rendabiblidade no estudo do discente, a puntualidade, a asistencia, a actitude, as actividades complementarias, etc. Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	20%	T1,T2,T3,T6,T13,T15, T17,X1,X3,X6,X8,X1, X13,X21,X24,EI1,EI2, EI4,EI5,EI6,EI10
Audición de Aula	Valoraranse as capacidades de contido relativo á técnica do instrumento (escalas e estudios) a través da realización dunha Audición de Aula recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	30%	T1,T3,T6,T13
Audición pública	Valoraranse as capacidades de contido relativo ao repertorio a solo ou con acompañamento de piano, a través da realización dunha Audición Pública recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	50%	X1,X3,X11,X13,X21, X24,EI1,EI2,EI3,EI4,EI 5 EI6,EI10

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando iso ocurra, o profesor da disciplina actuará segundo o protocolo establecido.

ALTERNATIVA FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
	Ver avaliación extraordinaria		
	* As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a pérda ao dereito á avaliación continua. Cando iso ocurra, o profesorado da disciplina actuará segundo o protocolo establecido. (CONSULTAR AVALIACIÓN ALTERNATIVA CÓ PROFESOR/A DA DISCIPLINA)		

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Audición de aula	Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha Audición de Aula recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	40%	T1,T3,T6,T13,T15
Audición pública	Valoraranse as capacidades seguintes a través da realización dunha Audición Pública recolllendo as impresións e incidencias nunha Ficha de Audición.	60%	X1,X3,X11,X13,X21,X24 EI1,EI2,EI3,EI4,EI5,EI6,EI10

ERASMUS

Os alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Se os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

Estudos orientativos

Bach-Studien für Flöte solo Heft I-II Bach-Delèclusse, U.: 15 Estudos (Ed. Leduc) Bach-Delèclusse, U.: 6 Suites (Ed. Leduc) Cavallini, E. - 30 Caprichos D'Élia, A.: 12 Grandes Estudios Jeanjean, P.: 18 Estudos de Perfeccionamento	Jeanjean, P.: Vade-Mecum du Clarinettiste(Leduc) Jettel, R.: "Klarinetten-Schule"(Vol. 2) Kell, R.: Stacatto Studies Klosé, H.: Método completo de clarinete Kovacs, B.: Homenaxes para clarinete solo	Kroepsch, F.: 416 Estudos (Libro 1 e Libro 2) Menéndez, J.: Seis Estudos de concer to Paganini, N.: 14 Caprichos e Moto Perpetuo (ed. Ricordi) Piazzolla, A.: Tango-estudos Romero, A,: Método completo de clarinete (4 vol.)	Stark, R. 24 Estudos Op. 49 Thurston, F.: Passages Studies Book 3 Uhl, A.: 48 Estudos para Clarinete Libro I y II

Obras orientativas

	LISTADO 2 (Clarinete só)	LISTADO 3 (concertos)
4º	Aho, K.: Solo XIV Boulez, P.: Domaines Bucchi, V. – Concerto Denisow, E.: Sonata Dusapin, P.: IF Gergely, V.: Ligthshadow-trembling Koskelin, O.: Exalté Mantovani, B.: Bug Stockhausen, K.: In Freundschaft Tanguy, E.: Capriccio Widmann J.: Fantasie	Bozza, E.: Concerto Francaix, J.: Concerto Gotkovsky, I.: Concerto Nielsen, C.: Concerto

ANEXOS

ANEXO 4º CURSO o alumno/a deberá realizar o nº de exercicios, pezas, estudos e obras que se indican para o cuadrimestre

VIII	Escalas de Sib m, Solb M e Mib m Catro estudos restantes do listado (non elixidos no cuadrimestre anterior) Estudio de Concier to nº 6 "Ballet" (con piano) de Julián Menéndez o Suite nº 2 en re menor (mi menor para C. Soprano ou C. Baixo) de J. S. Bach Unha obra a elexir do Listado 2 de obras orientativas Unha obra a elexir do Listado 3 de obras orientativas

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

9. Observacións

Programación Docente de Clarinete-Historia dos Instrumentos

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Historia dos Instrumentos

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	CLARINETE
CARÁCTER	OBRIGATORIA								**TIPO DE CLASES**	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo García
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE						3			**Observacións**	
DOCENTES	Libertad García Souto									

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo da evolución histórica dos instrumentos. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Estar matriculado no curso correspondente. Nivel de inglés B1 que permita a lectura e comprensión de textos referidos aos contidos impartidos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	ORGANOLOXÍA, PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL (CLARINETE).
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
XERAIS	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
ESPECÍFICAS	EI2, EI4, EI6

3. Obxectivos

	DESCRICIÓN	**COMPETENCIAS RELACIONADAS**
1.	Coñecer a evolución e recoñecer auditivamente ós diferentes instrumentos da familia do clarinete desde os seus antecesores ata hoxe en día describindo as características acústicas e morfolóxicas dos instrumentos da familia a través do emprego dun léxico específico apropiado.	X9, X12, X14, X15, X20, EI2, EI6
2.	Coñecer as características da linguaxe musical, estilo e notación propios de cada época e valora-la relación directa coas posibilidades acústicas dos instrumentos pertencentes ás mesmas (tonalidade, interválica, tipos de articulación, acentuación, ornamentación, uso das dinámicas, tesitura, efectos sonoros actuais ...) e realizar comentarios críticos a partir das audicións.	X9,X12, X14, X20, EI2, EI4, EI6
3.	Coñecer os casos máis salientables das relacións entre constructor-intérprete-compositor na música occidental europea e valora-lo súa importancia no desenvolvemento do deseño do clarinete e do seu repertorio incluíndo as aportacións do clarinete á música tradicional centroeuropea, ó klezmer e ó jazz.	X9,X12, X14, X15, X20, EI2, EI4, EI6
4.	Coñecer os textos de aprendizaxe utilizados nos séculos XVIII, XIX e XX analizando as instrucións para o desenvolvemento da técnica contidos neles.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X12, X14, X15, X20, EI2, EI6
5.	Realizar probas escritas, traballos prácticos de investigación e exposición pública dos mesmos sobre algún aspecto determinado dos contidos da materia seguindo as instrucións dadas polo docente durante o curso académico.	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13, X10, X12, X14, X15, X20, X25, EI2, EI4, EI6

4. Contidos

TEMAS	**DESCRITOR SUBTEMAS**	**SESIÓNS**
